



Curso sobre avaliación de competencias lingüísticas para técnicos/as de normalización lingüística

Santiago de Compostela, 22
de febreiro e 7 de marzo de
2019 (e seis horas a
distancia)

www.ctnl.gal

Presentación

Unha das funcións dos SNL é **colaborar** nas probas e procesos selectivos **para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos** por parte das persoas aspirantes aos diferentes postos da Administración pública.

Con este curso, a partir da **lexislación que regula os exames**, reflexionaremos sobre as **probas máis idóneas para avaliar as competencias lingüísticas** e practicaremos **ferramentas e estratexias para elaboralas e avalialas**.

Obxectivos

- ✓ Analizar a **lexislación** que regula os exames de lingua no emprego público de Galicia.
- ✓ Decidir, dentro dese marco legal, cal sería o **exame idóneo**.
- ✓ Fornecer **ferramentas e estratexias** e desenvolver **habilidades** para levalo a cabo: **elaborar e avaliar probas**.

Contidos

0. Introducción

A. *Primeiro obxectivo: análise lexislativa*

1. O marco legal:

- CE, EA, LNL e outras leis
- As distintas leis da función pública
- Marxe de manobra

B. *Segundo obxectivo: o exame idóneo*

2. Avaliación de competencias lingüísticas

- Os niveis de coñecemento lingüístico
- Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas
- Niveis de competencia en lingua galega
- Os Celga

3. Os exames de lingua nas administracións

- Análise de modelos

4. Modelo de exame de galego para probas selectivas

- Que sabe alguén que coñece unha lingua?
- Características dun bo exame de lingua: fiabilidade, viabilidade, validez

C. *Terceiro obxectivo: elaboración e corrección de probas de lingua*

- Ferramentas
- Práctica con probas reais

Organiza

Colabora

- Elaboración de probas
- Avaliación

Docente

Manuel Núñez Singala, sociolingüista, escritor e técnico de normalización lingüística. É director do Servizo de Normalización Lingüística da USC e responsable da súa Área de Formación.

Formou parte do grupo de traballo que deseñou os niveis de competencia en lingua galega adaptados ao Marco común de referencia para as linguas. Na actualidade, é membro do Grupo de Traballo dos Certificados de Lingua Galega (Celga), equipo que se encarga de elaborar os exames para obter estes certificados.

Persoas destinatarias

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL) que deban elaborar e avaliar probas de coñecemento de lingua galega para o acceso a prazas da Administración

Límite de prazas: **30**.

Calendario

	Día e horario
Prazo de inscrición no curso	Do 25 de xaneiro ao 13 de febreiro
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 14 de febreiro de 2019
Prazo para o pagamento do curso	Do 14 ao 20 de febreiro
Desenvolvemento das sesións presenciais do curso	Venres 22 de febreiro de 12.00 a 15.00 h e de 16.30 a 19.30 Xoves 7 de marzo de 12.00 a 15.00 h
E seis horas máis...	Entre as dúas sesións presenciais establécense seis horas de traballo persoal

Duración total do curso

- ✓ **15 horas (9 presenciais e 6 de traballo persoal)**

Lugar

- ✓ **Na Aula D12 da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela** (Campus Norte, Av. de Castelao, s/n, Santiago de Compostela)

Procedemento de inscrición

A través do **formulario** que se habilitará para o efecto no web www.ctnl.gal entre o 25/01/2019 e o 13/02/2019.

Dado que o **número de prazas é limitado**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Curso avaliación probas".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

Cota de inscrición

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

+info

Entra en www.ctnl.gal

Escrebe a info@ctnl.gal

*Chama ao **629 571 950***

Organiza

Colabora